

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 4 DE XULLO DE 2013

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 4 de xullo de 2013, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez, que se incorpora á sesión no momento que se di nesta acta.
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D. Julio Fernández Arias
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a María Estela Delgado Fernández
D. Antonio Melo García
D^a Manuela Rodríguez Vázquez
D Vitor Manuel Sierra Nieves

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo Sr. alcalde-presidente, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á aprobación inicial do Orzamento xeral municipal para o exercicio 2013.

Fai uso da palabra o sr Alcalde quen dá lectura resumida do ditame da comisión de facenda, facendo fincapé nos totais dos ingresos e dos gastos, e fai un pequeno resumo da Memoria da Alcaldía, dicindo que a primeira cuestión que chama a atención é que un ano máis o orzamento mingua nas súas cantidades, neste exercicio en 85.000 € menos con respecto ó do ano pasado, e que é así porque diminúen os ingresos previstos. Di que a pesar deso cádrase o orzamento e por riba faise cun pequeno superávit de 11.000€ aproximadamente, porque fixéronse as previsións de ingresos exclusivamente polos dereitos recoñecidos netos do ano anterior, é dicir, non hai ningunha partida na que se prevea que pode haber máis ingresos que o ano anterior, e que incluso seguindo as instrucións do Goberno central, non se contempla ningunha subvención que sexa probable que veña, cousa que si se facía outros anos. Di o Alcalde que respecto das inversións, entende que, a pesar dos 85.000 € menos no gasto, están atendidas todas aquelas cuestións que parecían importantes, como por exemplo, o compromiso co Ministerio de Medio Ambiente para a ampliación da Estación Depuradora de Augas Residuais, que son 42.000€ o compromiso verbal que se tiña dende fai máis dun ano co Conselleiro de Medio ambiente para que o Concello fixera unhas obras e a Consellería de Medio ambiente outras, e que dese xeito o Concello rematará a rúa San Roque e a Consellería de Medio ambiente rematará a zona do Colexio Divina Pastora e a 2ª fase da avenida da Deputación.

Neste momento incorpórase á sesión a concelleira Natalia Álvarez Diéguez.

Di o sr Alcalde que tamén hai contemplado uns proxectos de obras que afectan a estruturas, como a rúa Os Molinos, por importe de 15.000 € Rúa á que se lle vai botar un firme de reforzo e convertela en peonil e só permitir o acceso de vehículos que van ós garaxes desa Rúa, como a partida de 10.000€ para unha previsible apertura dunha nova rúa que comunique a rúa As Regas coa rúa da Rampa e a rúa Caleras e poder facer un circuíto de sentido único, ou unha partida para unha posible pasarela que comunique por enriba da vía a rúa Santa Rita coa rúa Caleras. Prosegue dicindo que se contempla no proxecto de presupostos unha partida de 15.000 € para arranxo de fachadas, que hai partidas para adquisición de terreos para novos viais, como o acceso á estrada que vai ó Polígono da Raña, á Depuradora de Augas Residuais do Barco ou para o depósito de augas do Castro, e que así mesmo se contemplan partidas para mobiliario urbano, para parques infantís, para deportes e partidas suficientes para inversión no medio rural, por importe de 75.000€ Di o Alcalde que quere destacar o apoio ó emprego que fan estes orzamentos, pois aparece unha partida de 52.000 € para bolsas para universitarios xoves licenciados que poidan empezar a súa carreira

profesional no Concello do Barco, traballando como bolseiros durante un ano, que se contempla crédito suficiente para soportar a contratación de 12 traballadores que se van a contratar no GES, así como a contratación dos 5 brigadistas das brigadas de incendios dos concellos. Di o Alcalde que o máis importante é que se manteñen todos os servizos que estaban postos en marcha, e todas as axudas para as asociacións e agrupacións sociais, culturais, deportivas etc., que ese era o primeiro gran obxectivo plantexado á hora de realizar o orzamento, que ninguén vira minguadas as axudas que recibía do Concello, e que nesta liña algunha asociación de tipo social, como Cáritas, Cruz Vermella e Asfaval, van recibir 1.000 € máis do que recibiron o ano pasado, manténdose ás demais as mesmas axudas. Prosegue o alcalde dicindo que o Concello do Barco ten na liquidación do ano 2012 un remanente de Tesourería para gastos xerais de máis de 900.000 € que non se puido gastar nin se pode a día de hoxe porque o Goberno aínda non aprobou un decreto que permita ós concellos dedicar ese diñeiro a investimento, que é en principio para o que está destinado e que con parte dese remanente prevese pagar a obra da escollera da Urbanización A Cerámica, que se tivo que facer. Di que o Concello do Barco vai seguir coa política de prudencia que lle caracterizou ó longo destes derradeiros anos, e o remanente de Tesourería sempre se foi deixando para non pasar problemas, e eso significa que este ano a pesar das dúbidas que se tiñan cumpriuse con todos os parámetros que marcou o Goberno a pesar da rixidez dos mesmos. Di que hoxe saía a noticia de que dous concellos importantes de capitais de provincia de Galicia, Pontevedra e Ourense, non van a aprobar os orzamentos deste ano porque o teito de gasto impídelles aprobalos porque é imposible facelos con esa mingua na capacidade de gasto que se lle impón, e que os orzamentos do Barco cumpren co teito de gasto, cumpren coa regra de gasto, cumpren a estabilidade e cumpren todos os atrancos que o Goberno puxo para que as administracións administren ben, e o único problema é que eses atrancos só as pasan os Concellos, que son ós que poñen no punto de mira como si foran os culpables do déficit deste país, e mentres en conxunto os Concellos cumpren e reducen a débeda e o déficit, nin as comunidades autónomas ni o goberno central dá a impresión de que vaian a cumprir ningún os obxectivos de déficit que se lles plantexou. Remata o alcalde dicindo que no ano 2010 o Concello do Barco debía 2.600.000 € e que a día de hoxe débese 2.274.000 € polo que se reduciu 400.000€a débeda, e iso contando cun diñeiro que hai que devolver ó propio Estado porque botou mal as contas dos ingresos que fa ter e adiantou unhas cantidades que se gastaron loxicamente en todos os concellos de España e nas comunidades autónomas, e que agora hai que ir devolvendo ano a ano, e si non fora eso a débeda sería de 1.836.000 € polo que afirma que se está facendo un forte reaxuste da débeda sen necesidade

de tocar os servizos, e que ese foi o gran obxectivo que se plantexaron dente que empezou a crise.

Concédeselle a palabra ó voceiro do grupo municipal do Partido Popular, o señor Blanco Paradelo, que fai uso dela para dicir que antes de nada queren dar a benvida ó secretario e desexarlle que lle vaia moi ben na nova etapa da súa vida. Di o concelleiro que neste caso o PP vai a renunciar a facer este debate dos orzamentos e o porqué é que, ó seu xuízo, o alcalde xa conseguiu o que quería, que era un par de titulares de prensa, que lle van a dar máis axudas as entidades sociais e que logo, na súa intervención, deu un mitin, e ese é o obxectivo e non o é debater ou usar as canles democráticas para que entre toda a Corporación podamos contribuír a mellorar estes orzamentos. Afirma o concelleiro que non vai a entrar no debate de hoxe, simplemente quere facer dúas ou tres apreciacións, unha delas é que o alcalde di que os Concellos de Pontevedra e Ourense non presentan os orzamentos polo teito de gasto, e que eso é mentira, xa que non presentan os orzamentos porque son gobernos en minoría e non teñen o apoio suficiente para sacalos adiante, e esa é a verdade. Di ó sr Alcalde que si ten problemas no Grupo de Goberno para poder sacar os presupostos adiante, el ofrécese para o próximo ano, se quere, como colaborador para aprobalos en tempo e forma, porque senón non se pode entender que un goberno en maioría absoluta e experimentada, é dicir, que coñece perfectamente os trámites, procesos e demais, presente uns orzamentos en xullo para que entren en vigor en setembro, e pregunta ó alcalde si de todas as cousas que dixo que pretende facer cos novos orzamentos as pretende facer en tres meses, porque sabe moi ben que moitas desas partidas xa están gastándose. Di que o alcalde non se preocupa absolutamente de nada dos presupostos, e presenta o presuposto en xullo como si fora algo normal, sempre ten alguén a culpa, este ano é de Montoro, o ano pasado da aplicación informática, o anterior dos técnicos, que ó alcalde non lle interesa que se debatan os presupostos, que non quixo consensuar nada absolutamente, e que presenta unha documentación incompleta, convoca o luns unha comisión e xa ten todo arranxado, eso é o que fai. Di o concelleiro que o seu Grupo non vai a entrar neste paripé e que o que ten que facer é deixar os orzamentos enriba da mesa, prorrogar os que ten e empezar a debater xa os do ano 2014, e en decembro, nun pleno, aprobalos e que todas as cousas que citou o alcalde empézanse a facer ó principio de ano. Prosegue dicindo que os orzamentos son continuistas na forma, en traer os informes desfavorables e presentalos fóra de prazo e inservibles, porque desde o seu punto de vista, sobe o gasto corrente, sobe a presión fiscal pero diminúe a contía para inversores e diminúe a inversión per cápita. Por último, di que antes de rematar quere facer dous matices, o primeiro que o alcalde di que o Goberno pon atrancos

e iso non é certo, xa que o que fai o Goberno é poñer medidas de control que ó sr alcalde non lle gustan, para que todos os Concellos sexan o máis eficaces posibles, e finalmente, quere felicitar e agradecer ós técnicos o traballo realizado cos orzamentos, pois o tema de números é un traballo moi meticuloso para non cometer erros e dar ó traste con todo o feito. Remata o sr. Blanco dicindo que evidentemente o seu Grupo vai votar en contra da aprobación dos presupostos.

Concédeselle a palabra ó sr. Sierra Nieves, quen di que por fin chegan uns orzamentos dun 2013 que case está esgotado, que vai máis de medio ano fóra, e que se está outra vez ante a constatación da política da improvisación que ten o alcalde e todo o seu grupo e que xa están acostumbrados a que sempre improvisa e que é esa a súa forma de proceder e que pode ser que o problema é que o Concello non establece prioridades xa que o documento troncal máis importante da política do Grupo de goberno espera sete meses a sacalo, e que ese documento tería que estar a principio de ano, co agravante de que gobernan en maioría e non teñen problema para sacar este documento si quixeran sacalo realmente en xaneiro, e que por eso lle gustaría que o alcalde dera unha explicación. Di que quere darlle as grazas ó sr. Alcalde por escoitar ó BNG, pois aínda que estiveran traballando neles, é certo que cando o BNG pide que haxa orzamentos e denuncia publicamente que non os hai a metade de ano, de repente, o Equipo de Goberno, convoca comisión e rapidamente dan os orzamentos. Afirma o concelleiro que os presupostos estaban mal feitos e que houbo que facer, como sempre, cambios de última hora, e que iso é política de improvisación coma sempre. Di o concelleiro que pensa que o Equipo de Goberno se quere rir de todos e de todas as barquenses, e pregúntase se todo o que dixo o alcalde o vai a facer en tres meses, e que eso non o cre ninguén, incluído o alcalde, e que hai que explicar para os asistentes na sesión que o orzamento é para 2013, que será efectivo en setembro e dende setembro a decembro so hai tres meses. O sr. Sierra afirma que o alcalde fala dun orzamentos con superavit, e que aparentemente os orzamentos cumpren a máxima de aprobarse sen déficit inicial, pero que ó seu xuízo son uns orzamentos inflados premeditadamente e que os informes dos técnicos lles dá uns tiróns de orellas, como o ano anterior, e que estes orzamentos suman ó montante total de case 302.000 € que non existen e así se lle especifica dende o informe económico-financeiro. Di que realmente non sabe si con todo isto busca un consenso para aprobar os orzamentos ou o que busca é dar mini mitins para vender o que vai facer en tres meses, que o alcalde sabe que dende a Deputación, Xunta e Goberno do Estado están baixando vertixinosamente as subvencións á Administración Local e xa informaron mediante os medios de comunicación que moitas das partidas que o alcalde suma ós orzamentos

non van a existir e eso deberíase ter en conta dende a alcaldía e que con esa omisión se constata unha práctica bastante temeraria en relación coa previsión de ingresos e que quere poñer catro exemplos comezando co Imposto dos Bens Inmóveis de Natureza Urbana, no que segundo o concelleiro dende a Alcaldía faise unha previsión de ingresos de 2.357.401 € e parece ser, segundo o informe económico-financieiro, que non será doado acadar estas cifra durante o exercicio porque segundo unha asimilación que dá o padrón, suponse que a previsión tería que ser de 2.204.000€ é dicir hai unha diferenza de máis de 153.000€ que se suman ós trescentos e pico mil que se inflou nos presupostos. Como segundo exemplo o concelleiro sinala en relación cos Impostos sobre Construcións, Instalacións e Obras, di o concelleiro que o alcalde presupón que hai un mantemento do ritmo constructivo igual ó do 2012, aínda que non sabe porqué o presupón pois sábese perfectamente que non se vai manter ese ritmo. Como terceiro exemplo afirma o concelleiro que en relación coa taxa por recollida de refugallo sólidos urbanos os presupostos aumentan en 6.979 € Como cuarto exemplo, en relación coas multas di o concelleiro que os presupostos contemplan máis de 70.000 euros e conclúe que o alcalde e que imaxina que non se vai a iniciar unha campaña de persecución á cidadanía para poder recadar todos eses euros, porque no propio informe se di que son previsións moi difíciles de avaliar, posto que nas multas urbanísticas que se prevé ingresar 9.430€ nos anos 2008 e 2009 se ingresou 0 € e no 2010 se ingresaron 600 € Prosegue dicindo o sr. Sierra que a memoria da Alcaldía é un mitin por escrito, vendendo os bos que son os presupostos ocultando todo aquilo que non quere dicir, aínda que lle parece que non a escribiu o Alcalde, senón que a escribiu un colaborador de Feijoo ou polo menos alguén daquela banda, pois non lle parece unha memoria dun alcalde socialista, xa que, ó seu xuízo, non responde a uns entendementos socialistas da política e da xestión pública. Afirma o concelleiro que o alcalde dixo que o prato forte dos orzamentos era a promoción e creación de emprego, para o que dedican 123.000 € e pensa que se volven a rir de todos, posto que dedican un 1,5% do orzamento total e que con eso pretenden crear emprego e que, como explicou o Alcalde, van crear prazas de bolseiros que durarán moi poucos meses e van cobrar unha merda, sendo esa a opción que lle dan a xente nova para que traballe neste Concello, explotados como están traballando noutras administracións. Remata o sr. Sierra Nieves facendo referencia ás aportacións municipais que se lle fan as asociacións, e di que lle gustaría que o Alcalde explicara porqué se decide darlle máis diñeiro a Asfaval, a Cáritas e á Cruz Vermella, xa que ó seu xuízo non se xustifica absolutamente por ningún lado, posto que as subvencións danse dependendo da memoria técnica de actividades anuais, e pregunta qué memoria presentaron estas tres asociacións que non

presentaron todas as demais, con qué criterio o equipo de goberno sube máis de mil euros a estas tres asociacións cando hai outras asociacións que cobran anualmente a subida que se lle fai a esas tres, e que ademais entre as tres asociacións citadas hai unha en concreto, que é Cáritas, á que un goberno como o do concello do Barco non debería dar 8.000 € pois é a asociación que máis diñeiro recibe e que está amplamente subvencionada.

Di o alcalde que hai unha cuestión que quere responder ós dous voceiros, e é dicir que non hai problemas para presentar o presuposto, foron problemas técnicos, problemas xerados pola normativa, pois este ano concretamente dende os servizos económicos por prudencia decidiuse facer todo antes de empezar co presuposto para ver precisamente o problema do teito de gasto e o da estabilidade e que por eso fíxose a liquidación antes dos presupostos, que nunca se facía, e fixéronse todos os informes que había que enviar a Madrid. Di que cando os servizos técnicos xa tiñan claro que se podía, con certo rigor e sen ter posteriores problemas en Madrid, comezaron cos orzamentos e sacáronos adiante, é dicir que os presupostos entran en vigor no mes de agosto e non en setembro como din os voceiros, e dicir que en tres meses se vai a executar o presuposto é descoñecer a realidade, porque o funcionamento ordinario do Concello está amparado coa prórroga dos presupostos, e o presuposto venlle a dar vía libre ás peculiaridades que se inclúen cada ano. Prosegue o alcalde dicindo que se di por parte do PP que sube a presión fiscal e que baixa a inversión, e que o IPC do ano pasado subiu o 2,7 e a presión fiscal, o aumento de ingresos, subiu o 1,7, é dicir que nin sequera o aumento de ingresos derivados da presión fiscal chega ó IPC, en canto á inversión o PP dicía que diminúe en 26.000€, e quere dicirlle que diminúe porque hai cousas que non están incluídas, posto que coa Consellería de Medio ambiente se vai a asinar o convenio de cofinanciamento da EDAR e si xa estivera asinado houbéranse posto 84.000 € e si se puidera utilizar o remanente de Tesourería xa nos presupostos daríasele vía libre á partida para pagar a escollera da Cerámica, que serán máis de 80.000 € e que tamén outra partida que non vai como investimento pero que o é, e está nos presupostos, é a destinada a cubrir as necesidades de materiais do obradoiro de emprego, que se clausurou hoxe e que son 53.000 € coa que se fixeron infinidade de obras por todo o Concello, e que ó seu xuízo os 26.000 € que se di por parte do Grupo municipal do P.P. nos que diminúe a inversión quedan superados con creces coas cantidades ás que se fixo referencia anteriormente. Respecto da intervención do sr. Sierra o alcalde si que a palabra máxica do BNG é a improvisación, e que para eles parece que todo se improvisa porque non se fai o que ó sr. Sierra lle parece que debería facerse e descoñece se o sr Sierra entende os presupostos e a política presupostaria, pois mestura unhas

cousas con outras e que colle o que lle interesa, como é lóxico, dos informes de Intervención ó afirmar que hai 300.000€ que non existen e que iso non é verdade xa que existen, porque o feito de que o informe financeiro diga que é difícil presupostar as multas que se van a poñer porque non depende dun feito obxectivo do Concello, non impide que se prevexan os ingresos, e que a previsión de ingresos se fixo co criterio dos dereitos recoñecidos netos do ano pasado, que nunca se fixo un presuposto tan restrictivo e é precisamente para non correr riscos. Afirma o alcalde que fixándose no informe económico-financieiro todas as previsións deste ano están por debaixo da media dos tres últimos anos, e que en canto as subvencións puxéronse as mínimas, como son o Plan Concertado, o Centro de Información á Muller, temas exclusivos de Servizos Sociais e a maiores, unha pequena subvención de Deportes da Deputación e outra de Cultura tamén da Deputación, que non se preveron subvencións como apertura de centros fóra do horario escolar pero si que se puxeron as actividades, ou como a do Conservatorio, aínda que non está seguro, pero cubríronse todos os gastos do Conservatorio e da Escola de Música, é dicir que non se puxeron moitas subvencións que veñen todos os anos e non se puxeron como ingresos, e tamén di que quere poñer un exemplo, que onte houbo unha mesa de contratación para adxudicación de praza de aparcamento nos sotos do Concello e non aparece como ingresos e vai ser un ingreso firme, ó igual que os dos nichos adxudicados no cemiterio que hai xente que aínda está pagando e faltan por firmar certos contratos, e que todo iso serán ingresos a maiores. Prosegue no uso da palabra o alcalde que di que todos os anos nos debates dos orzamentos os voceiros da oposición din o mesmo, que segundo o informe financeiro ó mellor non cumpre e despois chega a liquidación e o seu Grupo leva catorce anos gobernando no Concello do Barco e os catorce anos con superávit, gastando menos do que se ingresa, que respecto do sr. Sierra afirma que debe preocuparse do BNG que do socialismo xa se preocupará el. Di que non lles molesta que o Goberno lle poña controis pois o Grupo de Goberno cumpre con todas as cuestións importantes, que este Concello subvenciona a quen traballa polo pobo e que Cáritas está facendo unha labor de colaboración social e co Concello e o que non se pode é ser sectario, e o mesmo que Asfaval que tamén está a facer unha gran labor e non lle axudan moito, ou a Cruz Vermella, que xunto con Cáritas están soportando máis directamente as axudas nesta crise, ós que teñen necesidade, polo que o Concello ten que colaborar con esas asociacións. Di que o Concello en relación co problema do emprego non ten competencia nesa materia, que a competencia téñena outras administracións, e sen embargo ponse 120.000 € e os grupos de emerxencia van a estar alomenos ata o 2015, e seguirán porque é un servizo necesario, pero sen competencias municipais e eso é o que fixo que os informes digan o que din, pero

asumiuse porque é necesario para a seguridade e créanse doce postos de traballo cunha duración de dous anos e medio. Di o alcalde que as becas están pensadas para que os rapaces podan empezar a facer algo porque o Concello non pode contratar a ninguén, pois o prohibe a Lei, non se poden nin cubrir as prazas que quedan vacantes posto que non o permite a norma dende fai dous anos, excepto en educación e en seguridade, por iso precisamente cando entren en vigor o orzamentos farase a oferta pública de emprego para crear xa e sacar a concurso unha praza de policía local, ó xubilarse dous policías, e vaise empezar a cubrir xa esa praza, que non lle supón economicamente un exceso de gasto ó Concello pois a praza está creada e presupostada. Remata o alcalde dicindo que o Concello do Barco fai ata onde se lle permite, e que cre que contestou ó que se plantexou no debate.

Concédeselle o uso da palabra ó sr. Sierra Nieves quen di que segundo o alcalde hai problemas xerados pola normativa para sacar os orzamentos no sétimo mes do ano, e el non sabe que lle pasa a este Concello que sempre hai problemas e gobernando con maioría, que en principio non debería, a non ser que o alcalde confese que na Xunta de Goberno Local hai problemas e entón non dan sacado os orzamentos. Di que dixo o alcalde que non ten competencia no emprego, e se non ten competencia en emprego non pense que as bolsas van servir para algo pois o que van facer é explotar á xente que acaba de saír da universidade e non lle van servir para nada nin de lanzadeira de cara ó mundo laboral, o mesmo que eses doce empregos que non van solucionar nada. Di que segundo o alcalde o orzamento entra en vigor en agosto e que todos saben que este goberno en agosto traballa moitísimo como todas as administracións públicas. Di que tamén dixo o alcalde que estes orzamentos poderíanse incrementar con convenios, subvencións etc... e que seguiu inflando orzamentos, e que a eso chámase as contas da leiteira. Di o concelleiro que igual non entende ben os orzamentos pero o que si entende é a situación que se está a vivir e nomeadamente os mozos e mozas pero que ó mellor ó estar nese trono da alcaldía o afasta da realidade que hai fóra e a que nos afrontamos a diario. Di que o criterio do sr Alcalde non ten porqué coincidir co del, ó igual que tampouco coincide cos dos técnicos municipais, evidentemente son interpretacións, pero que solicita que o alcalde non diga, que solo gasta o diñeiro que ten, pois nos orzamentos está prevendo crédiros para gastos que non ten, e actuacións financiadas con subvencións das que algunhas administracións xa dixeron en medios públicos que non van a concederse. Ademais, sinala o concelleiros, que tamén hai débeda hai, e que de feito fai relativamente pouco este Concello se endebedou con Caixa Galicia e Caixa Nova, por certo entidades que estafaron a toda a xente que acudiu hoxe ó

Salón de plenos, é dicir, que o alcalde gasta o que non ten, cousa que lle parece perfecto pero o que non lle parece perfecto é que o alcalde diga que só gasta o que ten, porque eso é demagóxico. Prosegue dicindo o concelleiro que o alcalde recorda habitualmente que leva catorce anos facendo os orzamentos, e que iso é verdade pero que parece que empezou agora, porque espera ó sétimo mes para sacar os orzamentos. En relación coa subvención a Cáritas, afirma o concelleiro que xa recordou algunha vez, tanto en Comisión como en Pleno, que Cáritas é unha asociación que no só pertence á Igrexa Católica senón que discrimina por razón de condición sexual e discrimina por raza ós seus usuarios e usuarias, e que eses casos se teñen dado e que o alcalde debe investigar, e que o que non lle parece normal é que co diñeiro público se subvencione a unha asociación que lonxe de traballar a solidariedade o que traballa é a caridade, e o que traballa é a discriminación, é dicir, que axuda a todos aqueles que eles queren e que eles seleccionan, e que o departamento de Servizos Sociais deste Concello xa o sabe, e que hai que deixar de darlle diñeiro a aquelas asociacións que discriminan. Remata dicindo o sr. Sierra que as asociacións Cruz Vermella e Asfaval son as que soportan, segundo o alcalde, a crise, e di o concelleiro que o supón o alcalde, pois non teñen ningunha memoria de actividades, e o que hai que facer é pedir memoria de actividades para darlle subvención ás asociacións e quizás descubran que moitas daquelas asociacións que se premian menos ó mellor son as que máis traballan.

Fai uso da palabra o alcalde para dicir que o sr. Sierra o que fai é sustentar todos os seus argumentos na descualificación e nas xeneralidades, e que non concreta en nada e así é difícil que se lle poda contestar. Di que o Concello do Barco endebedouse no seu momento para facer actuacións e obras que son beneficiosas e que están gozando todos os veciños do Barco, e que cando di que non gasta se non ten diñeiro o problema non é pedir un crédito ó banco, o problema é se este Concello ten capacidade para pagar ese crédito e que este Concello ten capacidade sobrada e suficiente para pagar os créditos que pediu no seu momento, como ultimamente o da piscina climatizada que foron 575.000 € en dúas anualidades, e que a obra está aprestar servizo. Di que quere dicirlle ó sr Sierra que non se contratou nin con Caixa Galicia nin con Caixa Ourense, contratouse coa entidade bancaria que fixo a mellor oferta, e daquela cando se fixo a operación dos créditos non había consciencia de que se estafara a ninguén e que non se pode facer demagoxia como fai o sr Sierra ó que califica de demagogo consumado, e que, en definitiva, o que fai este Concello é xestionar ben as cousas nese sentido e en case todo, aínda que non tanto nos temas da formalidade, que como lle dixó antes ó voceiro do PP, se non se fixera máis do que se pode probablemente todo iría perfectamente organizado, pero que el cre que

cando a xente ten problemas hai que resolverllos, independentemente das posibilidades que teña cada un.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e oito en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno acorda:

1 Aprobar inicialmente o expediente do Orzamento Xeral Ordinario deste Concello para 2.013, que consta dos seguinte documentos:

- Memoria explicativa da Alcaldía.
- Liquidación do orzamento do exercicio 2012.
- Estado de gastos.
- Estado de ingresos.
- Platilla de persoal Funcionario e cadro de persoal Laboral.
- Bases de execución do orzamento e anexos
- Informe económico-financieiro e anexos
- Anexo de investimentos do exercicio
- Informe de Fiscalización da Intervención Municipal.

O resumen de gastos e ingresos do referido Orzamento, resulta como sigue:

CAPITULO	INGRESOS	GASTOS
Iº	3.196.990,14 €	3.562.900,22 €
IIº	55.969,80 €	3.713.996,27 €
IIIº	1.338.607,38 €	34.146,27 €
IVº	3.432.229,59 €	187.927,18 €
Vº	131.871,19 €	- €
VIº	- €	315.361,04 €
VIIº	30.972,36 €	84.024,37 €
VIIIº	4.068,37 €	- €
IXº	- €	281.032,97 €
TOTAIS	8.190.708,83 €	8.179.388,32 €

2 Aprobar a plantilla do persoal funcionario e relación de persoal laboral deste Concello para 2.013.

3 En caso de que o orzamento non entrara en vigor o día 01/01/2013, como é o caso, de conformidade co establecido no artigo 21.6 do Real Decreto 500/90 do 20 de Abril, as modificacións efectuadas sobre o orzamento prorrogado, consideraranse feitas sobre o orzamento definitivo.

4 Dispor a publicación do presente acordo no Tablón de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido na normativa de Facendas Locais. Si transcorrido o prazo de exposición ao público, expresado no artigo 169.1. do TRLRHL, non se presentan alegacións ou reclamacións, o presente acordo elevarase a definitivo.

2º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 2/2013.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde e despois de dar lectura ó ditame da comisión de patrimonio, facenda, contas e promoción económica de data 1 de xullo de 2013, di que como con todos os recoñecementos extraxudiciais, estase ante unha serie de facturas que a maioría ten entrada no Concello a partir do mes de marzo, e que están relacionadas con servizos prestados no ano 2012, polo que no se poden cargar no presuposto do 2013 sen ser aprobadas por un recoñecemento extraxudicial de crédito. Di que as máis cuantiosas son 26 facturas de Fenosa e 13 facturas de Telefónica, e que logo hai outras facturas que no albarán fai referencia que o servizo se prestou no 2012. Di o alcalde que a maiores neste recoñecemento hai unha aportación que ten que facer o Concello á urbanización que se está executando nestes momentos onde está instalado o supermercado DIA, porque no ámbito hai unha propiedade municipal xa que no seu día comprouse unha franxa de terreo por onde pasa o saneamento e ó ser propietarios tense que pagar unha parte da urbanización. Di que tamén veñen no recoñecemento extraxudicial as subvencións do ano pasado ás ANPAS e ás entidades culturais, pois non se puideron pagar no seu tempo.

Non producíndose debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e oito en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno acorda:

1 Levantar os efectos suspensivos e solventar os reparos formulados pola Intervención nos seus informes de fiscalización de data 18 de xuño de 2013, que afectan á execución do gasto das facturas incorporadas na relación que constan no expediente, motivándose tal levantamento no inxusto prexuízo económico que se lle ocasionaría ós provedores que se pretende satisfacer si dita suspensión se mantivera.

2 Aprobar o expediente de Recoñecemento extraxudicial de crédito N° 2/2013 polos gastos e a favor dos provedores que se detallan no listado de xustificantes de gastos que obra no expediente (n° 2013-15) e que suma un importe total acumulado, salvo error ou omisión de 28.764,86 € brutos e 28.311,26 € netos máis achega á xunta de compensación AR-2 SUNC: 6.396,87 € máis subvencións ANPAS 2012(3.137,76 €) e subvencións entidades culturais 2012 (8.247,24 €) sendo o TOTAL de 46.546,73 € brutos e 46.093,13 € líquido.

3° Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre concesión de bonificación do ICIO solicitada por Herminio González Martínez.

Di o sr Alcalde que se solicita a bonificación para unha licenza de obras para reconstrución do muro de contención ó sur do atrio da igrexa en Forcadela, que foi ditaminado na comisión de facendal, ditame do que dá conta, e que se propón una bonificación do 95%.

Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, o Pleno acorda:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D Herminio González Martínez (R.E. 27 de xuño de 2013) de interese social e histórico artística, por concorrer circunstancias de edificación de interese histórico artísticas e culturais.

Segundo: Propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% do I.C.I.O.

4° Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre concesión de bonificación do ICIO solicitada por Emérita Fernández Franco.

Di o sr Alcalde que trátase dunha obra de levantamento e reposición de cuberta na rúa Cestelas nº 1 de Vilanova, e neste caso propónse unha bonificación do 75%, e dá conta do ditame da comisión informativa correspondente.

Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, o Pleno acorda:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D^a Emérita Fernández Franco (R.E. 21 de xuño de 2013) de interese social e histórico artística, por concorrer circunstancias de edificación de interese histórico artísticas e culturais.

Segundo: Propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% do I.C.I.O.

5º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, moción do Grupo Municipal do P.P. relativa a “Adhesión ao convenio para a creación dun fondo social de vivendas”.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o voceiro do PP, sr. Blanco Paradelo, dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“ADHESIÓN AO CONVENIO PARA A CREACIÓN DUN FONDO SOCIAL DE VIVENDAS

Unha das consecuencias máis duras derivadas da actual situación de crise económica é a proliferación de procesos de desafiuzamento derivados do impago dos alugueres e das cuotas hipotecarias. Conscientes desta situación desde a chegada do PP ao goberno de España e tamén a Xunta de Galicia no ámbito das súas competencias, téñense desenvolto diversas iniciativas nesta liña.

No caso concreto galego pódense salientar a inserción na Lei de Vivenda de aspectos orientados a reducir a incidencia dos desafiuzamentos, a promulgación do decreto de medias urxentes de carácter social e materia de vivenda, a posta en marcha do Programa de realoxo para afectados por execucións hipotecarias, cunha oferta inicial de 500 vivendas, e moi recentemente tense dado un novo paso co acordo entre Xunta de Galicia,

Fegamp e “Consejo General del Poder Judicial” para facer posible ter información completa dos procesos de execución a fin de poder informar aos concellos e adoptar as medidas pertinentes.

Non obstante, todas as ferramentas coas que se poida dar solución a esta problemática son de interese para dar saída a un problema de grande transcendencia e incidencia social, sendo preciso a adopción urxente de medidas por parte de todos os axentes económicos e sociais.

Nesta liña, recentemente, os representantes do Ministerio de Fomento, do Ministerio de Economía e Competitividade, da FEMP, do Banco de España, das patronais bancarias, da Plataforma do Terceiro Sector e de diversas entidades de crédito, subscribiron o “CONVENIO PARA A CREACIÓN DUN FONDO SOCIAL DE VIVENDAS” co obxecto de promover a creación, por parte das entidades de crédito, de fondos sociais de vivendas no marco de encomenda realizada ao Goberno Central na disposición adicional única do Real Decreto Lei 27/2012, de 15 de novembro, de medias urxentes para reforzar a protección dos debedores hipotecarios.

Na presente data, xa son moitos os concellos que se teñen adherido ao dito Convenio que, en virtude desta adhesión, adquiren a consideración de Entidades Locais Colaboradoras, comprometéndose a:

- a) Asesorar a quen soliciten información sobre o procedemento para solicitar unha vivenda de fondos sociais.
- b) Emitir, no prazo previsto, o informe de valoración das circunstancias social a que se refire o apartado 3 da cláusula quinta do Convenio.
- c) Colaborar coas entidades de crédito, cando así o acorden con estas, na avaliación das solicitudes.
- d) Difundir no seu territorio e informar aos seus cidadáns sobre o obxecto e contido do Convenio.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

-O Concello de O Barco de Valdeorras solicitará a súa adhesión ao “CONVENIO PARA A CREACIÓN DUN FONDO SOCIAL DE VIVENDAS”.

Di o sr Blanco que quere engadir que este Fondo Social de Vivendas actualmente conta con máis de 5.000 vivendas, e que concretamente no que atinxe ao Concello do Barco, hai 3 vivendas, unha de 57 m², outra de 105

m² e outra de 76 m², que estarían xa a disposición por si fora necesaria, si fora requirida por algunha familia que cumprira os requisitos. Di que o Concello aínda que tiña xa que estar nese convenio, espera estar canto antes e dar solución a alguén dos veciños e veciñas do Barco que o necesiten, e que saiban que o Concello do Barco é entidade colaboradora e pode prestar toda esta información, informándolle, entre outras cousas, que estas vivendas que son propiedades das entidades de crédito se destinan a este aluguer social, tendo uns prezos entre 150€ e 400 € en función das dispoñibilidades e das condicións ou requisitos que cumpran os solicitantes.

Fai uso da palabra o sr. Sierra Nieves quen di que vai a apoiar a moción pero tamén quere dicir que lle parece unha medida totalmente propagandística por parte do PP do Barco que presente esta moción agora, porque parece que de repente se fan defensores dos desafuzados e desa xente á que a banca, co respaldo do PP, lle rouba a vivenda e os deixa na rúa, é dicir que o PP do Barco faise defensor desa xente que queda sen vivenda cando o PP legisla doutra forma, gobernan doutra forma e din outras cousas tanto no Parlamento de Galiza como no Congreso dos Deputados en Madrid. Di que todo o que dixo anteriormente lévano a facerlle ó voceiro do PP dúas preguntas moi claras, para ver si é quén de responderlas a primeira delas é porqué non apoiaron a dación en pago e votaron en contra no Parlamento e no Congreso e a segunda porqué foron deseñando recortes, subida de impostos e destrución de emprego que levan ós desafuzamentos ou porqué o seu partido apoiou a quita, é dicir o roubo, que supuxo un empobrecemento da cidadanía ós afectados coas preferentes.

Fai uso da palabra o sr Alcalde quen di que cando recibiu a moción viu que era en realidade un convenio que sorprendentemente non se había remitido da FEMP á FEGAMP, e que coincidindo con ese convenio o problema é que se di que se empece a traballar nese campo e o Concello xa está traballando nel dende o día 21 de marzo, data na que a técnica de Servizos Sociais tivo unha reunión na Deputación Provincial para falar deste convenio e que nesa reunión se lles dixo ós técnicos de todos os concellos que xa se adhería a Deputación ó convenio e que non facía falta que se adherira ningún concello, porque o ía levar directamente a Deputación, e que só aqueles que non quixeran participar neso o dixeran pero que o simple feito de estar alí, e así se fixo saber, era motivo suficiente para entender que os Servizos Sociais do Barco estaban a disposición dos Servizos Sociais da Deputación Provincial para traballar nese sentido. Di o alcalde que todo eso lle foi ratificado onte por un técnico da Deputación que lle volveu a dicir que non é necesario adherirse ó convenio porque xa están adheridos eles, e que eles xa contan cos servizos sociais do Concello. Di que o voceiro do PP

falaba de tres vivendas e o técnico da Deputación falaba de dúas concretamente no Barco, e que hai que dicir que calquera veciño non pode vir a Servizos Sociais para que se lle informe sobre os pisos se non que para ir a eses pisos deben ser desafiuzados e nun proceso de desafiuzamento poden acceder a este tipo de vivendas, que hai que ver en qué prezo saen pois si é 150 está moi ben pero si saen en 300 non fai falta ir a Servizos Sociais pois pódese ir ó mercado libre posto que hai pisos de aluguer no Barco nese prezo e en algo menos tamén. Di o alcalde que en definitiva o que se propón na moción está resolto, estase facendo a través da Deputación, polo que o seu Grupo non ve ningunha razón para ratificar un convenio cando na propia Deputación lles di que non se ratifique que xa está ratificado por eles. Remata o alcalde dicindo que están de acordo co fondo da moción, e que están tan de acordo que xa están a disposición dos Servizos Sociais da Deputación de Ourense para traballar nese sentido.

Concédeselle a palabra ó sr. Blanco Paradelo que di que o sr. alcalde acaba de deixalo sen palabras, que cre que ó Convenio é importante adherirse, e que pensa que o alcalde non estivo atento e chegou tarde.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que levan dende o 21 de marzo traballando neso e que en tal caso o que chegou tarde foi o sr. Blanco a presentar a Moción.

O sr. Blanco fai uso da palabra para dicir que os Concellos en Galicia estanse sumando a este acordo e no Parlamento de Galicia houbo un acordo co Partido Socialista, que o levou o sr. Sánchez Bugallo, de que cada vez máis concellos se adherisen a este convenio, e foi transaccionado por unanimidade entre PP e PSOE, e que O Barco de Valdeorras, debería de adherirse ó convenio, como moitos dos concellos de Galicia. Di o concelleiro que agradecen o apoio á Moción do representante do BNG.

Di o sr. Alcalde que mañá vai preguntar por escrito á Deputación Provincial se consideran necesario que o Concello se adhira a este Convenio ou non, e para o caso de que respondan afirmativamente no próximo Pleno tráese xa a adhesión, que os Concellos están a pé de obra e por eso vanse resolvendo os problemas que xorden, co traballo dos técnicos, dos funcionarios e dos traballadores do Concello, que lle parece ben que no Parlamento galego se tomara un acordo de adhesión dos Concellos, pero que probablemente non sabían o que se estaba a facer neste tema na Deputación de Ourense, e que non parece que haxa moita coordinación nestes momentos entre as dúas administracións cando sucede o que está a suceder, que o importante non é a adhesión ou non do Concello que o

importante é si se está a traballar neste campo ou non se está a traballar, e a verdade é que estase a traballar, pois hai unha técnica deste Concello que asiste ás reunións e se coordina coa Deputación neste tema.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos en contra (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e oito a favor (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno do Concello non aproba a moción presentada.

6º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, moción presentada polo Grupo Municipal do BNG relativa a “Impulso e modernización do ferrocarril en Galiza”.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o alcalde di que antes de debater a moción, quere sinalar que nos tres puntos que ten este acordo non hai nin unha sola referencia específica ós problemas de Valdeorras, que pensa que esta é desas mocións que mandan a todos os grupos municipais desde os partidos e que descoñecen a realidade local, que a comarca de Valdeorras non se veu gravemente prexudicada en canto a itinerarios, a traxectos e a trens, e o único inconveniente que temos nestes momentos é que o rexional que ía dende Ponferrada a Ourense, que pasaba polo Barco de Valdeorras sobre as sete da mañá, agora pasa ás dez da mañá e o problema é que o que pasa ás sete da mañá, o chamado catalán, ten prezo de larga distancia e para ir dende O Barco a Ourense cando antes se pagaban dez euros agora hai que pagar trinta. Di que houbo unha reunión a semana pasada entre os alcaldes, deputados autonómicos e o Presidente da Comisión de Fomento do Congreso, e o que se acordou foi pedirlle a Renfe que ese tren, o chamado catalán, dende Ponferrada a Ourense, nas paradas que fai, se lle poña prezo de rexional, posto que con ese detalle practicamente se arranxarían os problemas e que o seu Grupo quere que apareza un punto cuarto na proposta de acordo, onde se faga constar esta petición, polo que propón que a redacción do acordo vaia nesa liña, preguntándolle si está de acordo ó asinante da Moción.

Di o sr Sierra Nieves que está de acordo, pero que de todas formas no punto primeiro pon “reclamando o mantemento das liñas existentes.... Ourense-Monforte-Ponferrada...”

Di o sr Alcalde que si, que o rexional Ponferrada-Ourense segue existindo pero cambiárono de hora e a xente que ten que ir ó médico ou a facer calquera outra xestión, xa non lle serve ese tren, pois chega sobre as doce a Ourense, e entón xa non lle resolve o problema, e por riba antes pagaba dez euros e agora paga trinta, e que engadindo ese cuarto punto votaríana a favor.

Dá lectura da moción o sr Sierra Nieves, que copiada literalmente di:

“MOCIÓN PARA O IMPULSO E MODERNIZACIÓN DO FERROCARRIL EN GALIZA

O ferrocarril é un servizo público básico, sustentábel economicamente, que constitúe un elemento de cohesión e vertebración social, ademais de ser un factor de dinamización e equilibrio demográfico. Como medio de transporte é o elemento central dun sistema nacional de transporte intermodal e complementario, resulta o máis eficiente no que atinxe ao transporte de granel e mercadorías non perecedoiras, respectuoso co medio ambiente, e ademais fonte dun emprego de calidade.

O anuncio de recortes de Renfe Media Distancia, a eliminación da maior parte das estacións e apeadeiros da Galiza, a negativa dun servizo de proximidades ou o proceso de privatización e liberalización de infraestruturas, material e servizos, leva ao sector ferroviario galego a unha situación dramática, de desmantelamento de servizos e infraestruturas.

Mentres no Estado, nos últimos quince anos, levouse a termo a modernización ferroviaria, na Galiza adópanse os investimentos necesarios e négaselle unha rede compatíbel para persoas viaxeiras e mercadorías, unha dupla vía e electrificada, que prime a mobilidade interior, con conexións axeitadas con Portugal e co resto do Estado. O Goberno Central ignora, á mantenta, que Galiza posúe aproximadamente a metade dos núcleos de poboación do Estado, mentres carece de servizos ferroviarios de proximidade.

As consecuencias desa política ferroviaria do Estado van ser moi graves para A Coruña-Ferrol cunha infraestrutura de hai cen anos, e onde se pretenden eliminar servizos, dos cinco actuais a dous. Para Vigo-Ourense, e as poboacións intermedias, polo Miño, que será de mercadorías desde o porto de Vigo, e onde se eliminarán servizos de media distancia, como o tren de Ponferrada que agora chega ás 2 da tarde. A liña A Coruña-Lugo-

Monforte, que quedará con servizos de longa distancia a Madrid e Barcelona, mais coa posibilidade de perder un dos dous de media distancia que ten. Monforte-O Barco de Valdeorras que seguirá só cos trens de longa distancia (Madrid e Barcelona ou Euskadi), mentres non rematen o AVE Ourense-Puebla da Seabra. E o ramal Santiago-Ourense que é o troncal do AVE cando remate de facerse no 2018 e, en consecuencia, a liña convencional Santiago-Ourense quedará morta, pois a duración da viaxe será de dúas horas, cando no AVANT será de 30 minutos, quedando ademais O Carballiño fóra.

A Xunta de Galiza debe encarar este grave problema e asumir todos os servizos interiores do noso país a través dunha transferencia da infraestrutura e do material rodante, realizando previamente o Estado un investimento para poder dispoñer dun bo tren convencional. A proximidade hai que levala tamén a Lugo-Sarria-Monforte, a Monforte-Ourense, a Vigo-Pontevedra-Tui-Valença.

A ese proceso de transferencia ha de seguir a creación dunha compañía pública ferroviaria galega que, partindo de sermos unha unidade económica e social a vertebrar, xestione os servizos ferroviarios no interior do territorio galego.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Reclamar do Goberno do Estado que desista do proceso de desmantelamento e privatización de servizos ferroviarios no noso país, reclamando o mantemento das liñas existentes (Ourense-Puebla da Seabra; Ourense-Monforte-Ponferrada; A Coruña-Ferrol; A Coruña-Lugo-Monforte, Vigo-Ourense) e unha mellora dos servizos e frecuencias que se veñen prestando en territorio galego.
2. Demandar do Estado as transferencias en materia de ferrocarril interior, xunto cun financiamento axeitado, co obxectivo de crear unha compañía pública ferroviaria galega que mellore a prestación deste servizo no noso país e permita acometer as infraestructuras e desenvolver os servizos de transporte ferroviario en Galiza que contribúan á vertebración económica, social e territorial do país.
3. Demandar do Goberno do Estado o mantemento e desenvolvemento dos talleres e actividades auxiliares existentes en Galiza, así como a

creación de módulos de formación Profesional vinculados á actividade ferroviaria.

Concédeselle a palabra ó voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, o sr. Blanco Paradelo, quen di que lle sorprende que o Partido Socialista apoie esta moción, porque a explicación desta medida atópase nun informe que o anterior ministro de Fomento, o sr. Blanco, deixou feito e que se asumiu ó pé da letra. Di que lle sorprende que o alcalde aprobe crear unha compañía pública ferroviaria galega, que a explicación desta medida defínina o anterior ministro de Fomento, o socialista José Blanco, no mes de xuño do 2010, cando compareceu no Congreso dos Deputados para informar sobre os plans do Ministerio de Fomento, e dixo, entre outras cousas, que habería que plantexarse a prestación dos servizos ferroviarios de modo que sexan sostibles social e ambientalmente, que non era unha cuestión de rendibilidade económica senón de realidade social e medio ambiental e que habería que entender que mover un tren de 170 toneladas para que circule practicamente baleiro é facer un dos usos máis ineficientes da enerxía e dos recursos públicos. Di o concelleiro que non se está ante unha decisión tomada á lixeira senón que era unha decisión que viña sobre un informe que foi seguido ó pé da letra e que o PSOE na última etapa do goberno de Zapatero non foi capaz de aplicar. Di o sr. Blanco Paradelo que nesa reunión da que falou o Alcalde el estaba tamén e tomouse ese acordo que se lle vai transmitir ó Ministerio, polo tanto o seu Grupo está de acoro pero que no que non están de acordo é con respecto ó demais que pon a Moción. Di o concelleiro ó sr. Sierra que cando mandan os partidos as mocións hai que tratar de adaptalas, pois esta é unha proposición non de lei que fala de toda Galicia, que lle parece ben pensar en plan galego e en clave de país, pero que cando falan da rede ferroviaria galega se esquecen, por exemplo, dos trens que veñen dende León, que veñen da meseta, que a Valdeorras son os que máis lle interesan. Di que pode anunciar que se están a facer xestións para tratar de abaratar ese prezo e que existan paradas nalgúns puntos afectados, pois segundo o Plan si existe alternativa non se faría esa parada pero nalgúns non existe outra alternativa. Di o concelleiro que lamenta que o Partido Socialista ás veces non teña máis visión de estado ou de política xeral cando non son temas de confrontación tan directa, posto que este tema foi impulsado polo PSOE, e o BNG tamén ten parte de responsabilidade pois estiveron apoiando ó Goberno de Zapatero durante os anos que estivo e formaron parte do bipartito, e tiveron posibilidades para poder condicionar ese voto a mellorar a cadea de transportes e non o fixeron. Remata o sr. Blanco dicindo que o seu Grupo vai votar en contra da Moción, que si se facilitara a votación por puntos por suposto que votarían algún deses puntos a favor, pois cre que están de acordo en que entre todos os representantes

políticos, empresarias e sociais da zona se busquen solucións, e espera que se consigan.

Fai uso da palabra o sr. Sierra Nieves quen di que cando gobernaba Zapatero o BNG presentou un informe e propostas neste sentido, o que pasa que non eran aprobadas nin polo PP nin polo PSOE.

Di o alcalde que cando alguén presenta unha Moción evidentemente ten dereito a defendela e cando varios partidos votan a favor non queren dicir que estean de acordo ó cen por cen co que alí se di. Di que o que non ten discusión é que se está a producir un peor servizo ferroviario en Galicia, cunha perda de servizos no Barco, polo que o Grupo de Goberno do Concello do Barco quere manifestar o seu rexeitamento a esa decisión que prexudica ós veciños, que ó sr Blanco, cando as decisións que toma o equipo de Goberno non lle gustan, sempre recorda que algún membro do Partido Socialista dixo o contrario e quere aclararlle ó concelleiro que el está aquí, e así o demostrou ó longo destes anos, para resolver e defender os problemas do Barco e da comarca de Valdeorras e eso quere dicir que en moitas ocasións as súas posicións foron en contra das que defendía o seu partido, o PSOE, en Santiago ou en Madrid pero que cada un ten o seu papel. Remata o sr Alcalde dicindo que o que ten que quedar claro é que o Concello do Barco esixe o abaratamento dos prezos do tren, e que a redacción do punto 4º podería quedar como segue: “que a conexión entre Poferrada e Ourense, mediante a larga distancia que ven dende Barcelona, se lle apliquen os prezos dos trens rexionais.”

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo quen di que a el lle gusta aceptar as regras de xogo pero para todos. Di que o PSOE marchou do Ministerio e deixou corenta mil millóns de euros de débeda no Ministerio de Fomento e deso non queren falar, que cre que o interesante neste momento é garantir o servizo, e se vai a facer así, e que é certo que se están a producir algúns pequenos desaxustes como o tema do prezo, pero que poñerá todo o seu empeño en que ese prezo sexa asequible e poder dar todas as facilidades posibles para que os cidadáns se podan trasladar á capital da provincia en tren.

Di o sr Alcalde que ó final mestúrase o tren co déficit que tiña o goberno do Partido Socialista, e quere dar un dato, cando se fixo o cambio de goberno, do que dependía do goberno a desviación de déficit eran dúas décimas, que o problema dos dous puntos de déficit veu das comunidades autónomas e pregunta cántos anos teñen que pasar para que o PP deixe de xustificar con Zapatero as atopelas que lle están facendo ós cidadáns.

Acórdase incluír a emenda proposta polo alcalde, por unanimidade dos concelleiros asistentes.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

- 1. Reclamar do Goberno do Estado que desista do proceso de desmantelamento e privatización de servizos ferroviarios no noso país, reclamando o mantemento das liñas existentes (Ourense- Puebla da Seabra; Ourense-Monforte-Ponferrada; A Coruña-Ferrol; A Coruña-Lugo-Monforte, Vigo-Ourense) e unha mellora dos servizos e frecuencias que se veñen prestando en territorio galego.**
- 2. Demandar do Estado as transferencias en materia de ferrocarril interior, xunto cun financiamento axeitado, co obxectivo de crear unha compañía pública ferroviaria galega que mellore a prestación deste servizo no noso país e permita acometer as infraestruturas e desenvolver os servizos de transporte ferroviario en Galiza que contribúan á vertebración económica, social e territorial do país.**
- 3. Demandar do Goberno do Estado o mantemento e desenvolvemento dos talleres e actividades auxiliares existentes en Galiza, así como a creación de módulos de formación Profesional vinculados á actividade ferroviaria.**
- 4. Que a conexión entre Ponferrada e Ourense, mediante a larga distancia que ven dende Barcelona, se lle apliquen os prezos dos trens rexionais.**

7º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, moción presentada polo Grupo Municipal do BNG relativa a “*Mantemento da dotación aérea de loita contra os lumes en Valdeorras*”.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o sr. Sierra Nieves dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“MOCIÓN PARA O MANTEMENTO DA DOTACIÓN AÉREA DE LOITA CONTRA OS LUMES EN VALDEORRAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante os recortes que está a levar a o goberno da Xunta de Galiza, e ante a gravidade da situación que se dá ao perder a dotación aérea nunha das áreas de maior risco de lumes como é Valdeorras e o distrito XIII, desde este concello non podemos permitir que nos acheguen aínda mais o lume ás nosas portas e, de novo, asistir á destrución do noso monte.

Malia a que, tal e como informan dende os técnicos da Consellaría e do distrito Forestal, os 20 primeiros minutos son os decisivos para poder atallar un incendio forestal, a Xunta decide eliminar o helicóptero do distrito ao que pertence este concello.

Valdeorras é, case en toda a súa superficie unha area de alto risco de lumes, e pola decisión política e incompetente da Consellaría de Medio Rural e do Mar e da Xunta de Galiza, quedará agora sen unha base permanente de helicópteros, o que retrasará os tempos de reacción até como mínimo 30 ou 40 minutos, deixando Valdeorras á vontade do lume.

É por isto que o grupo municipal do BNG solicita desta corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Consellería de Medio Rural e do Mar que se manteña a base de helicópteros en Valdeorras.
2. A nivel local o Concello trasladará á opinión pública o malestar polas medidas regresivas que o goberno do Partido Popular vén tomando para con esta comarca.
3. O Concello do Barco convidará ao resto de Concellos valdeorreses a que insten á Xunta de Galiza ao mantemento da dotación aérea, tratando de buscar unha acción coordinada supralocal de loita contra os lumes.
4. Trasladar á Xunta de Galiza o presente acordo.”

Concédeselle o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, o señor Blanco Paradelo, quen di con respecto ó acordo que se propón, que está a favor do 1º punto, aínda que non se vai a suprimir a base de helicópteros, a base vai a quedar vai a estar aberta e seguir funcionando, que en relación co punto número 2 non sabe si se terá que acordar que se critique ó PP pois xa o está facendo o sr. alcalde e o sr. Sierra, e que cos dous últimos puntos está de acordo, pero partindo de que o acordo da Moción está mal redactado, aínda que o arranxarán porque o importante é o fondo. Di o concelleiro que a Xunta de Galicia non está abandonando a Valdeorras, como o BNG quere dar a entender, pois vai a poñer en funcionamento 25 grupos supramunicipais en Galicia, os GES, e a comarca de Valdeorras vai a ter un, cando practicamente ningunha comarca que ten xa parque de bombeiros, conseguiu eso, e tamén estase a punto de recibir os convenios asinados para que se podan xa facer as contratacións das brigadas que van a estar nos Concellos, que se son catro persoas por cada Concello imaxínesse as persoas que na Comarca teríamos traballando no monte en labores de prevención e extinción, e afirma que non se pode dicir que estea abandonada á Comarca. Di que hai que apelar á concienciación social porque gástanse moitos millóns de euros en labores de extinción, cando sabemos que o 99% deses incendios son provocados con intencións bastante dúbidas, que en relación coa polémica do helicóptero segundo os técnicos o tempo de despegue, sexa na base que sexa, é aproximadamente de dez minutos e que o desprazamento na Comarca en liña recta sole ser de menos de nove minutos, por exemplo dende S. Xoán de Río, é dicir non son os 30 ou 40 minutos que pon na Moción, e que a el persoalmente trasládalle a información a Conselleira, en presenza do Secretario Xeral de Medio Rural, que confía na palabra da Conselleira, pois cando foi do incendio de agosto do ano pasado no Barco e concellos limítrofes, houbo un gran despregamento de medios por parte da Consellería porque co helicóptero de aquí pouco se podería facer para apagar o lume. Di o concelleiro que non hai abandono da Comarca por parte da Consellería senón que hai unha reestructuración de carácter técnico, pensado en clave de Galicia, en clave de España, e que teñen que estar os medios na mellor disposición. Remata o sr. Blanco dicindo que o seu Grupo non pode aprobar a Moción pero que respecta a intención da Moción.

Fai uso da palabra o alcalde que o seu Grupo vai a apoiar a Moción e que o voceiro do PP dí medias cousas, que evidentemente lle toca un papelón moi grande que é defender o que probablemente non cre, pero que ten que defendelo porque así llo dixeron, posto que a todos algunha vez lles toca defender cousas coas que non estaban de acordo. Di que evidentemente o

helicóptero tarda en despegar estea onde estea, pero que si se produce un fogo no Coutado e está en Viloira chega dez minutos antes que si estivera noutro lugar e que si se actúa nos primeiros dez minutos pódense queimar catro hectáreas e si se tardan vinte minutos pois ó mellor son oito. Di o alcalde que non é só falar dun helicóptero pois eso leva aparelado unha brigada, que o ano pasado había en Vilanova doce ou catorce persoas, máis ou menos profesionais e que eran os que se levaban ó foco do fogo e os encargados de conseguir que ese incendio quedara nun pequeno incendio, que esa é a clave e do que hai que falar. Prosegue dicindo que a base de helicópteros non existe como el afirma, posto que se non hai helicópteros non hai base, está soamente o terreo, e que si van poñer un depósito de gasóleo para repostaxe dos helicópteros lle parece moi ben pero hai que poñelo pois parece que se estaba traballando hoxe nel, aínda que non é só poñer o depósito pois tamén se necesita persoal, que xa eliminaron o helicóptero noutra ocasión dando os mesmos argumentos que dan agora, que se controlaba todo dende San Xoán de Río, pero ó ano seguinte volveuse a traer e fixeron incluso unha nave para aloxamento dos brigadistas mentres estaban en descanso, polo que conclúe que é necesaria a base e que cre que o problema é o diñeiro, e que ó non haber diñeiro elimínase o helicóptero, e que o problema non é que o helicóptero estea en San Xoán de Río ou en Vilanova, o problema é que hai dous helicópteros, un en cada pobo, e si solo está en San Xoán de Río pois hai un, pero que ó mellor cando xurda un fogo en Casaio, ou en San Xoán de Río está en Manzaneda e tarda vinte ou vinte e cinco minutos, non os nove que se di, e que do que se esta a falar é da diminución de medios para apagar os incendios. Prosegue dicindo o alcalde que o sr. Blanco puxo como un logro as Brigadas Municipais, e o certo é que se asumiron polos alcaldes por responsabilidade, porque se non se asumiran, con todos os informes desfavorables en todos os concellos, non habería brigadas este ano, e que seis ou sete mil euros apórtanos os concellos que multiplicados por 275 brigadas estase a falar de case dous millóns de euros que se aforra a Xunta porque os pagan os concellos. Di o alcalde que se non hai diñeiro que se diga pero que non se xustifique con criterios técnicos o que non ten xustificación, porque cando se quitou a base con criterios técnicos volveuse a poñer ó ano seguinte cos mesmos criterios técnicos. Sinala o alcalde que ademais existe un incumprimento dun convenio asinado entre a Consellería de Medio Rural e o pobo de Vilanova, pois ó ceder os terreos para o heliporto a Consellería tiña que facer unha pista polideportiva para os veciños de Vilanova e aínda non se presentou nin o proxecto. Di que é malo para a Comarca que non haxa un helicóptero pois é un medio menos que se ten para combater o fogo, e que si houbo os medios que houbo o ano pasado no incendio de agosto foi porque non se controlou o fogo cando era

pequeno, antes de cruzar a estrada de Souleacán, pois se houbera medios para controlalo alí non se houberan queimado mil cincocentas hectáreas e non terían que vir todos eses medios, que tamén quere resaltar a diferenza no traballo entre as brigadas profesionais como a UME e ver traballar ás brigadas que se contratan, uns anos a uns e outros anos a outros, pois aqueles eran profesionais que sabían como atallar o fogo e controlaron aquel incendio que parecía incontrolable, que ese é o verdadeiro problema, o da profesionalización do servizo de extinción de incendios. Remata dicindo o alcalde que na Comarca atópase a maior repoboación de pinos silvestres de Galicia, a maior reserva de aciñeiras de Galicia con mil cincocentas hectáreas, a maior reserva de castaños de Galicia, máis de dúas mil cincocentas hectáreas, zonas boscosas con carballeiras centenarias, aproximadamente oito mil hectáreas, o bosque de teixo máis antigo e grande de Europa, vexetación endémica única en Galicia, e que todo eso evidentemente necesita protección e que coa desaparición do helicóptero o seu Grupo entende que queda peor protexida a Comarca que o ano pasado, e que eso é o que queren manifestar apoiando a Moción.

Fai uso da palabra o sr. Sierra Nieves quen di que o sr. Blanco non debería presumir dos medios que viñeron ó Barco o ano pasado, pois eses medios viñeron por unha grave desgracia cando o lume chegou ás portas dos veciños e veciñas, e que eso pasou porque non houbo unha previsión dende o goberno do partido no que está o sr. Blanco e que ademais se contratou a xente sen experiencia, e eso o di calquera das persoas que traballan nas Brigadas ou calquera que entenda algo de lumes, que o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular ademais de ser deputado é concelleiro e que non se debe esquecer que representa ós valdeorreses e valdeorresas, concretamente a barquenses e as barquensas, e que espera non ter que pedirlle responsabilidades logo de que pase o verán. Prosegue dicindo o concelleiro que había dous helicópteros na base de San Xoán de Río e había outros dous helicópteros na base de Vilanova, reducíndose á metade, e os dous helicópteros que hai na base de San Xoán de Río son moitísimo máis lentos que os que había en Vilanova, por eso se agrandan os tempos de actuación que dixo o sr. Blanco. Di que entende que o voceiro do PP ten que defender o que lle di Feijoo, pero sendo do Barco non se debe deixar levar por mamarrachadas que lle di a máxima responsable da Consellería, e debe defender os intereses dos montes valdeorreses. Di que si tan pouco tarda o helicóptero dende San Xoán de Río, como din, pois que estea en Vilanova e que manteñan os helicópteros rápidos e non os lentos. Remata o sr. Sierra dicíndolle que se o sr. Blanco tanto se reúne coa Conselleira que lle diga que contrate persoal con experiencia que saiba apagar lumes, e que empecen coa previsión dos lumes uns meses antes do que o fan.

Fai uso da palabra o sr Blanco Paradelo quen di que ten que recoñecer que ás veces ten o síndrome de ser alcalde porque en todos os Plenos veñen contra o seu Grupo e parece que son o Goberno do Concello. Di que no incendio de agosto cando fixeron falta apareceron todos os medios, dos que el non presume se non que simplemente o di xa que ás veces cos números se pode demostrar se as cousas se fan ou non se fan. Di o concelleiro que o Pladiga garante todos os tempos e os ratios de resposta quedan cubertos, que no seu conxunto o operativo para os incendios forestais vai estar composto por máis de cinco mil setecentas persoas, 19 persoas máis que no ano 2012, que é certo que o helicóptero non vai a estar permanentemente aí pero que tamén é certo que hai máis medios e que aí que dicir que este ano a Xunta colabora tamén coa Federación Galega de Caza, coa Unión de Radioaficionados españois e a Asociación de Usuarios de Vehículos Todoterreno en labores relativas á prevención de incendios, medidas que a maiores que antes non había, e que así mesmo vaise a incrementar as cámaras de videovixilancia nos montes galegos e se probaran os helicópteros con visión nocturna de infravermellos e globos aeroestáticos, que hai máis medios e máis alternativas, polo que pide que non se alarme á cidadanía, que sempre que fixo falta os medios estiveron aquí e responderon en clave de Comunidade e de Estado, e que pensa que a resposta cumprirá coas expectativas tendo en conta as dificultades. Remata dicindo o sr. Blanco que apela á responsabilidade cidadá, o que non lle escoitou dicir ó alcalde e ó sr Sierra, e que así como cando determinadas persoas cometen unha serie de delitos hai unha resposta social sinalando co dedo a esas persoas, tamén hai que apelar a que si se sabe quen queima os montes, queima a natureza, que son moitos cartos de todos os galegos, se denuncie.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que pensa que xa está todo dito sobre o tema pero que cando o sr. Blanco di que se sente alcalde, cre que é a calor máis que nada. Di que quere recordarlle que alcalde é o da Rúa que dixó que está preocupado porque quiten o helicóptero e alcalde son outros alcaldes da comarca de Valdeorras que tamén publicamente dixeron que estaban preocupados pola desaparición do helicóptero, e deso é do que se ven a falar hoxe neste pleno e o sr. Blanco fala do que pasou o ano pasado e agora fala da responsabilidade na condena dos incendiarios, e a esa xente xa se condenou, que neste asunto estase a falar do helicóptero, dos medios que se poñen en marcha para combater os incendios, e que para responsabilidade a do Concello que asume unha brigada e pon 6.000 € para que haxa unha Brigada de incendios e que o criterio no Concello do Barco para a contratación dos membros da Brigada é a experiencia, anos traballados en apagar incendios, que polo menos se teña a seguridade de que

as cinco persoas que vaian a un incendio saiban que é un incendio, aínda que eso non garante que sexan profesionais.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

1 Instar á Consellería de Medio Rural e do Mar que se manteña a base de helicópteros en Valdeorras.

2 A nivel local o Concello trasladará á opinión pública o malestar polas medidas regresivas que o goberno do Partido Popular vén tomando para con esta comarca.

3 O Concello do Barco convidará ao resto de Concellos valdeorreses a que insten á Xunta de Galiza ao mantemento da dotación aérea, tratando de buscar unha acción coordinada supralocal de loita contra os lumes.

4 Trasladar á Xunta de Galiza o presente acordo

8º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposta da Alcaldía relativa á non celebración da sesión do pleno ordinario do mes de agosto de 2013.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o sr Alcalde dá lectura da proposición presentada, que copiada literalmente di:

“O pleno do Concello do barco de Valdeorras, acordou celebrar sesións ordinarias do pleno do Concello mensualmente o primeiro xoves de cada mes, o que supón maior periodicidade que como obriga mínima se establece na lexislación básica para os concellos coa poboación do Barco de Valdeorras.

No mes de agosto gran parte dos concelleiros disfrutaron de vacacións, polo que podería producirse que, de celebrarse sesión ordinaria do pleno, moitos deles se viran prexudicados.

Por outra banda, considérase pola Alcaldía que os asuntos a tratar no mes de agosto serían escasos.

Por todo iso, e previa deliberación cos grupos políticos municipais, propoño que, previa ratificación da inclusión na orde do día, o pleno do Concello acorde:

Primeiro: non celebrar a sesión plenaria ordinaria do mes de agosto de 2013.”

Di o sr Alcalde que no caso de que houbera algún asunto que requirira a aprobación plenaria se convocaría un pleno extraordinario.

Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, **o Pleno acorda:**

Primeiro: non celebrar a sesión plenaria ordinaria do mes de agosto de 2013.

FASE DE CONTROL ÓS ÓRGANOS DE GOBERNO

1º Mocións urxentes

Di o sr Alcalde que se neste punto antes da moción presentada polo BNG hai unha proposta da Alcaldía relativa a unha memoria que se presentou no seu día para dúas subvencións que convocou a Consellería de Industria, sobre mercados retallistas e sobre prazas de abastos. Di que para a primeira, mercados retallistas, presentouse unha memoria para rematar o tramo de rúa que hai entre Pérez Lista e o Porto da Barca, e con respecto á praza de abastos presentouse un proxecto para mellora da iluminación dos postos e colocar uns aparatos de calefacción encima de cada posto para que o praceiro se ten xente e fai moito frío poda acendelo para que os clientes teñan un pouco de calor. Di que pediron que se aprobaran os proxectos ou as memorias, como é o caso, e como non figuraban nos presupostos porque aínda non nos deron a subvención pois por eso se traen ó Pleno. Di o Alcalde que na “Terminación da rúa Real” cun custo de 72.300€ a subvención pedida ascendería ó 80% e na da “Calefacción e iluminación na praza de abastos” cun importe de 5.009,40€ tamén se solicita o 80% de subvención.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o sr alcalde dá lectura da proposta, que copiada literalmente di:

“Proposta da Alcaldía relativa ao expediente de aprobación das Memorias Valoradas “Terminación rúa Real” e “Calefacción e iluminación na praza de abastos”.

- Logo de ve-la orde de 30 de abril de 2013, da consellería de Economía e Industria (DOG núm. 88 de 8 de maio de 2013) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a concellos para revitalizar o comercio
- Visto o establecido no artigo 4.2) da citada Orde no que se establece que se debe aprobar o proxecto de investimento das actuacións.
- Logo de ve-las a memorias valoradas redactadas ao efecto polo enxeñeiro de portos, canles e portos D. Manuel Sánchez Lagarejo (Terminación rúa Real) e polo Arquitecto Municipal D. Jorge Rodríguez Fernández (Calefacción e iluminación na Praza de Abastos).

PROPOÑO Ó PLENO DA CORPORACIÓN

Aprobalo proxecto de investimento das obras: *Terminación da rúa Real*, por importe de 72.300€ *Calefacción e iluminación na praza de abastos* por importe de 5.009,40€”

Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, o Pleno acorda:

-Aprobalo proxecto de investimento das obras:

Terminación da rúa Real, por importe de 72.300€
Calefacción e iluminación na praza de abastos por importe de 5.009,40€

Di o sr Alcalde que a moción de urxencia presentada polo BNG trata do tema das participacións en preferentes.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o sr. Sierra Nieves fai uso da palabra e di que a moción que presenta ven por vía de urxencia porque aínda se acabou de decidir os primeiros puntos esta mañá e que é unha moción presentada polo BNG pero que sobre todo sae de todas esas persoas, que algunha representación delas hai hoxe no Pleno e que lle agradece moito a súa asistencia, que son as que van formar a Plataforma dos afectados por

preferentes e subordinadas de Valdeorras. De seguido, o concelleiro dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“MOCIÓN RELATIVA Á PROTECCIÓN DAS PERSOAS AFECTADAS POLA COLOCACIÓN MASIVA DE PARTICIPACIÓNS PREFERENTES

Desde o ano pasado, persoas deste concello están denunciado a comercialización irregular de participacións preferentes por parte das entidades financeiras pola falta de transparencia na súa colocación.

As participacións preferentes son un produto de investimento moi complexo, cun risco elevado. Trátase de valores que non teñen liquidez inmediata, para os que non existe garantía sobre o capital investido, onde o consumidor pode ter perdas.

Esa colocación masiva de participacións preferentes tivo como obxectivo a miles de clientes particulares, non familiarizados cos investimentos financeiros, que non eran informados debidamente das características destes produtos nin dos seus riscos, e en especial da escasa ou nula liquidez e da perpetuidade deste produto. Como resultado deste proceso, ó non comunicar ás persoas interesadas as advertencias necesarias dos riscos que entrañan estes produtos financeiros, as persoas afectadas -na súa maioría aforradores con historial carente de investimentos arriscados, que case sempre rendibilizaran os seus aforros coa contratación de depósitos bancarios ou investimentos simples a determinado prazo fixo- comprobaron, pola negativa das entidades financeiras, a imposibilidade de recuperar o diñeiro investido.

A Comisión do Mercado de Valores (CNMV) advertiu en 2009 que non se trataba dun produto financeiro idóneo para a colocación no tramo comerciante polo miúdo, entre pequenos e medianos aforradores. Con todo, durante 2010 e 2011 continuaron estas emisións como forma de mellorar os cocientes de solvencia das entidades financeiras, sen cumprirse a normativa de protección de consumidores de produtos financeiros, que no caso de clientes minoristas concrétnanse na realización de tests personalizados de conveniencia co fin de asegurar se responde as necesidades e características dos clientes destinatarios.

A presente moción pretende esixir das autoridades competentes, tanto da Xunta de Galiza -dado que moitas emisións foron emitidas polas extintas caixas de aforro antes da súa conversión en Nova Galicia Banco-, como do Goberno do Estado, que proporcionen unha solución satisfactoria ó problema descrito da colocación de participacións preferentes entre

pequenos aforradores, que debe pasar pola devolución íntegra do nominal investido nestes títulos sen rebaixa de ningún tipo e, con vistas ó futuro, pola observancia estrita da normativa de protección de consumidores de produtos financeiros.

Nos últimos meses as persoas afectadas por preferentes neste concello e no resto do oriente ourensán foron organizándose. En Viana a constitución da Plataforma tivo lugar hai uns meses e o traballo por facer visible a estafa de levar a súa protesta á rúa é notablemente visíbel.

Logo de varias reunións, os afectados e afectadas valdeorresas, nomeadamente, do Barco, chegamos á conclusión unánime de que a solución pasa por unha decisiva acción política, onde os representantes dos Concellos, como administracións máis cercanas se impliquen co problema co gallo de atopar unha solución.

Os estafados e estafadas de Valdeorras non están dispostos a soportar ningún tipo de roubo (quita) nin canxe por accións, senón que se exige a devolución do 100% investido.

Nunha das reunións asemblearias, decidiuse por maioría facer unha concentración como primeiro acto público. Nel deuse lectura a un manifesto nos mesmos termos que esta moción e que subscriben os afectados e afectadas deste Concello.

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Este Concello apoiará ás persoas afectadas por preferentes e subordinadas, xa que en grande medida son pequenos aforradores e non investidores. Ademais facilitará na medida do posible as accións da Plataforma en vías de creación dos afectados por preferentes e subordinadas de Valdeorras que ten por obxectivo loitar pola consecución dos seus aforros, esixir a reapertura do prazo de arbitraje e facer visíbel esta macroestafa realizada polas entidades crediticias e permitida polos gobernos do PSOE e do PP.
2. Solicitar a derogación do Real Decreto polo que se deu luz verde ás quitas que non é máis que un segundo roubo orquestrado polo goberno do Partido Popular.
3. Poñer en coñecemento das alcaldías dos concellos valdeorreses estas propostas de solución para que as adopten como propias e se unan públicamente ás reivindicacións da Plataforma, como medidas elementais de solución ao timo das preferentes.

4. Pechar as contas correntes que este Concello ten tanto no Banco Nova Galicia, como en Bankia, anular os convenios que se teñan con estas dúas entidades e, na medida do posible, cancelar os créditos ou cambiais de entidade.
5. Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a que adopten medidas efectivas de protección dos clientes de entidades financeiras que investiron os seus aforros en instrumentos financeiros opacos sen que por parte das entidades fosen informados debidamente dos riscos do produto e sen que se cumprisen as demais obrigas establecidas na normativa, co fin de que poidan recuperar os seus aforros no prazo de tempo máis breve posíbel.
6. Instar á Xunta de Galiza a exercer as potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco para que os centos de adquirentes de participacións preferentes das extintas Caixas de Aforro podan recuperar inmediata e íntegramente o investimento realizado.
7. Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a que demanden do Banco de España e a Comisión do Mercado de Valores (CNMV) a emprender unha campaña de inspección sobre a comercialización por parte das entidades financeiras das participacións preferentes, esixindo, no seu caso, a depuración das responsabilidades aos executivos e directivos das entidades financeiras que impulsaron e cometeron o fraude masivo aos pequenos aforradores.”

Fai uso da palabra o voceiro do PP, sr Blanco Paradelo, quen di que é un tema moi delicado e doloroso, no que teñen que contar con toda a solidariedade, apoio e cariño, pois son moitas as xentes de boa fe que foron enganadas e que supón que todos teñen unha persoa próxima, xa sexa familiar ou amigo, que está a pasar polo mesmo, polo tanto cre que ninguén dos presentes é alleo ó que está sucedendo. Di que pensa que o tema está moi debatido e que a xente o que quere é solucións aínda que non son sinxelas, que quere recordar que foi o presidente Feijoo o primeiro que en Galicia empezou a traballar no tema dos arbitraxes e hoxe máis de trinta e sete mil casos foron resoltos, polo que dúas persoas de cada tres recuperaron o cen por cen dos seus aforros e outras persoas están recuperando parcialmente como primeira medida. Prosegue a súa intervención o concelleiro dicindo que o BNG dicía á xente que non acudira ó arbitraxe e agora din que si, e que pensa que o arbitraxe foi unha boa medida que se tomou de momento só en Galicia, que todos están de acordo co tema porque hai vontade de facelo pois todo o mundo ten que recuperar o cen por cen antes ou despois, pero que se tiveran que transaccionar algúns

dos puntos do acordo el pediría o punto 4 porque non é tan fácil de facer o que alí se pide, e se o alcalde ou o grupo de Goberno quere, pois ten a maioría, sería un acordo para transaccionar nese punto, posto que toda a Corporación está de acordo con que se produciu un roubo, unha estafa, e desde logo os que o fixeron e os que ordenaron que se fixera deberían paguen por elo, que para el foi moi indignante na Comisión do Parlamento de Galicia que investiga ás Caixas, escoitar como os máximos responsables das mesmas, tanto o sr. Méndez como o sr. Gayoso, dicían que non sabían nada e culpaban ós empregados.

Di o alcalde que esta é unha moción que ten cousas que poden ser de opinión e de posicionamento e hai cousas que son de calado e que dificilmente se poden tomar en cinco minutos. Di que, a pesar de que tiveron pouco tempo para poder estudar ben a moción, o seu grupo se vai a posicionar claramente nese tema. Afirma o alcalde que hai uns responsables que se foron sen consecuencias e co peto cheo, e que son o sr. Méndez e o sr. Gayoso fundamentalmente, e algúns máis, e que el non ten ningún problema en dicir que o sr. Ordóñez, presidente do Banco de España, ten responsabilidades políticas todas e penais probablemente tamén, e que os que permitiron a actuación das entidades teñen responsabilidades, ó igual que os Gobernos que o permitiron, e que cando lle tocou gobernar ó seu partido tamén. Di o alcalde que o seu Grupo está de acordo con seis dos sete puntos do acordo da Moción, con matices máis ou menos pero con seis, pero que non sabe se o Concello pode tomar un acordo de pechar as contas, convenios e créditos pois é un tema moi complexo e que cre que ese punto, por responsabilidade co Concello e co funcionamento do Concello, non se pode acordar antes de que os técnicos digan que se pode facer, porque ademais pode supoñer prexuízos para os veciños. Di que o que menos lle pode preocupar nestes momentos ós que están prisioneiros desa perda patrimonial é que o Concello teña unha conta con esa entidade bancaria, que o que teñen que ter claro todos os preferentistas e os titulares de subordinadas é que contan co Concello para o que queiran, que neste asunto hai moitas dúbidas, hai quen di que se colla o diñeiro, hai quen di que non se colla, que el desde logo o collería e seguiría preiteando, que o seu Grupo apoiaría todo o que se pon no acordo pero que non se arrisca a tomar un acordo que despois lle digan os técnicos que non o pode cumprir, que eso sería unha medida para a galería, pois despois non se faría e o voceiro do BNG recordarlle en todos os Pleno que aínda non se cumpriu o acordo, que outra cousa é que despois, se o problema non se resolve satisfactoriamente, o Concello en aras a esta estafa xeneralizada que se fixo con centos de miles de galegos, empece a tomar medidas coa entidade. Prosegue dicindo o alcalde que é unha vergoña que os responsables anden

soltos pola rúa e que despois unha señora que colle unha tarxeta para mercar comida vaia á cárcere, que neste país hai que roubar moito para non ir á cárcere. Remata o sr. alcalde dicindo que pensa que o fondo da moción non se desvirtúa por quitar ese punto 4 do acordo, para que o Concello estudie e lle pida informes ós técnicos sobre o que se pode facer neste sentido, polo que a decisión queda ó albedrío do sr. Sierra que foi quen presentou a Moción.

Fai uso da palabra o sr. Sierra que di que o sr. Blanco deu solidariedade a todos os afectados, pero que onde a ten que dar é no Parlamento e que quere recordarlle que o seu Partido votou a favor da quita, é dicir un segundo roubo porque o primeiro foi a venda das preferentes, así que parece que é un chiste dicir que o sr. Feijoo foi a primeira persoa en preocuparse polo problema e que se preocupou cando a xente levaba cinco meses manifestándose e os partidos da oposición presentando iniciativas no Parlamento, que a solidariedade manifestada faise porque ten público pero que despois no Parlamento como non hai barquenses que o vixíen, vota o que lle manda o seu Partido, que o alcalde di que é cuestión de opinión pero que para el é cuestión de implicación, que el está onde sempre estivo que é ó carón da xente sobre todo á que máis o necesita, e pregunta porque o sr. Alcalde espera xusto a hoxe para preocuparse das preferentes se nunca se preocupou por nada relacionado con eso e pide que lle explique porqué nun pleno como o de hoxe hai tanta Policía Local cando normalmente non a hai. Di o concelleiro que a axuda brindada ós preferentistas pasa pola implicación política e a implicación política pasa por romper relacións con esas entidades, que el eliminaría calquera dos puntos do acordo que puxo o seu Partido, pero que os que propuxo a xente no acordo da Moción non os pode retirar e o punto 4 é un dos puntos que lle pediron que puxera os preferentistas. Afirma o voceiro que o alcalde comentou que é moi difícil romper esas relacións coas entidades bancarias, e quere poñerlle datos a esa relación, pois este Concello ten unha débeda con Novagalicia Banco de case tres millóns de euros e con Bankia 896.000€ e eso fai que haxa sete contas abertas deste Concello en Novagalicia Banco e unha en Bankia, é dicir, que hai moita relación con esas entidades que están estafando a todos.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que o Concello do Barco de Valdeorras debe un millón oitocentos mil euros polo que non pode o sr. Sierra que se deben máis de tres millóns de euros.

Volve a facer uso da palabra o sr. Sierra que di que os datos dados foron subministrados polo propio Concello, e que con Novagalicia Banco o saldo inicial é de máis de un millón de euros, xerando esas contas uns

movimentos que ascende a case dez millóns de euros de pagos e máis de dez millóns de euros de ingresos, é dicir que é un montante bastante grande e que se exerce máis presión retirando todo o que se ten na Caixa que manifestándose diante da sucursal como esta mañá, que esa é unha medida de presión moi importante, que o alcalde ten que implicarse politicamente, porque a solución soamente é política, e esa solución é implicarse coa xente, non facer reunións nin brindar axuda de avogados, senón facer presións, e demóstrase que as protestas e as presión valen de algo cando ás plataformas do Salnés, Santiago e Lugo estanelle dando solucións distintas que no resto do país. Pídelle ó alcalde, no nome do seu Grupo político e no nome dos estafados deste Concello, que se implique e acepte esta Moción votando a favor, pois queda moi ben absterse diante de todo o mundo, non votan en contra pero abstéñense e ó final a Moción non vai adiante. Remata o sr. Sierra solicitando ó sr Blanco que se manifieste publicamente, diante dos seus veciños, porque é moi fácil votar en contra de todos os preferentistas, tanto no Parlamento como no Congreso, que se deixe de solidariedades e vote a favor ou en contra do que piden os preferentistas.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo, quen di que o voceiro do BNG non atendeu ó que dixo na súa intervención, que parece que xa trae un discurso preparado, que el dixo que estaba de acordo co tema pero que por responsabilidade un concelleiro ten que ter tamén cintura política e non pedir cousas que poden xerar máis problemas dos que xa hai e que por riba non aportan unha solución, que dende o seu posto todos os días ó entrar no Parlamento, sen comelo nin bebelo, ten que escoitar moitos insultos, aínda que o asume porque entra dentro do cargo e do posto de deputado, que dende o Goberno se están tomando decisións que non se tomaron en ningunha Comunidade Autónoma ou que noutras Comunidades Autónomas cando xurdiu este problema tapárono rapidamente as propias entidades porque non querían verse expostas ó dano que lle ía a facer á propia entidade e que falle a propoñer ó sr. Sierra algo que non prevé a Moción que é promover todas as accións precisas para que os exdirectivos devolvan as indemnizacións cobradas así como tamén os plans de pensións, dos que foron directivos de Novagalicia Banco, e como esa proposta poderíalle dicir algunha mais. Prosegue dicindo o concelleiro que se están a facer moitas iniciativas, nas que o seu Grupo está representado e hai consenso en moitas delas entre os Grupos parlamentarios, e pon por exemplo que neste momento hai unha comisión de investigación das Caixas na que todo o mundo está a propoñer medidas polo que entende que non se debe dar a entender que ese problema só lle preocupa ó sr. Sierra e ós demais non e que non hai que facer demagogia e se deben centrar no verdadeiramente importante.

Di o alcalde que se o representante do BNG houbera querido consensuar a moción e que aprobara por unanimidade, houbera pasado pola mañá polo Concello e houberá tido unha reunión, pero que o concelleiro non tiña ningún interese, pois deu a coñecer a moción sen capacidade ningunha para estudala, e que precisamente o punto do acordo do que se está a falar plantexárono os veciños, pero o sr Sierra tráeo tan estudado que ata falou do que hai nas contas do Concello, polo que deduce que leva días estudando o asunto. Prosegue exercendo a palabra o alcalde para dicir que o fácil é a demagogia e para el, como alcalde, sería dicir diante dos veciños que está de acordo co que queiran, que o sr. Sierra dixo unha cousa importante que onde houbo mobilizacións conseguíronse cousas, e que el anima ós afectados a que se mobilicen pero que foron os propios afectados os que se mobilizaron e dixéronlle ás administracións locais que os apoiaran, e el dende este Concello tamén os apoia onde sexa pero que foron os afectados os que se mobilizaron en cada unha das zonas citadas polo sr. Sierra, e que non se pode tomar unha decisión que non se sabe si se vai poder cumprir. Di o alcalde que quere dar a cara diante dos veciños, porque sempre a deus, e os anima a loitar, que contan co Concello e incluso vai a analizar cos técnicos dende mañá qué posibilidades hai de presionar a estes dous bancos para sacarles negocio sen prexudicar ó resto dos veciños que teñen neses bancos as súas contas e ó mellor queren seguir ténndoas, porque por exemplo a taxa de depuración só se pode pagar en Novagalicia Banco e o que non ten conta ademais lle cobran tres euros, por eso haberá que analizar todo eso e ser rigorosos nese sentido, e que por todo o que remata de dicir é polo que lle dixo ó concelleiro do BNG que retirara o punto 4 do acordo da moción, e se quere incorporárase o que plantexaba o voceiro do PP, porque o problema son, como xa dixo, os que levaron os cartos, pero que o sr. Sierra non quere chegar a ningún acordo e non ten a flexibilidade de deixar o punto cuarto no aire, non pode o seu Grupo votar a favor da Moción e terá que votar en contra. Remata dicindo o sr Alcalde que o sr Sierra é o responsable de que non se aprobe por unanimidade a Moción, por non querer retirar o punto cuarto do acordo que xera dúbidas.

Concédeselle a palabra ó sr. Sierra que reitera que non pode cambiar na Moción os puntos que propuxeron os cidadáns, que traerá outra, e que no Concello non hai unha lei de participación democrática polo que os afectados non poden participar e el non pode decidir con eles a retirada ou dun punto da Moción e que se o Alcalde quixera nos Plenos participarían os veciños.

Di o Alcalde que ó igual que lle dixo antes ó sr. Sierra que estaba inventando co tema dos números que deu das contas do Concello, pódelle

dicir que hai un regulamento de participación aprobado onde os cidadáns si poden participar no Pleno sobre puntos incluídos na Orde do día, polo tanto para que un veciño puidera participar tería que presentar a Moción con tempo para que figurara na Orde do día. Di que con regulamento ou sen regulamento non hai ningún concello ou parlamento de España, nin onde governe o BNG, que os veciños vaian ó Pleno e se poñan a falar e debater os asuntos con concelleiros.

Fai uso da palabra o sr. Sierra para dicir que no Pleno do Barco cando algún veciño ou veciña quixo intervir o sr. alcalde ameazou con botalo, que en canto ó que dixo o sr. Blanco na intervención, gustaríalle que o seu Grupo trouxera unha moción co que dixo xa que lle parece que ten que mobilizarse e protestar a xente para que reaccione o seu Grupo e que espera que no próximo Pleno, dentro de dous meses, o sr. Blanco presente unha Moción, que o BNG traerá unha propia, despois de falar coa xente e cambiando certas cousas que tanto o PP como o Partido Socialista non aceptan, partidos, di o concelleiro, que son os que permitiron esta estafa masiva á xente. Remata dicindo o concelleiro que non pode cambiar ningún punto da Moción, e que o sr. alcalde ten que negociar con outras entidades con comisión 0 de cancelación dos créditos.

Fai uso da palabra o alcalde para dicir que o último dito na anterior intervención reflexa que o equipo de Goberno negocia ben os créditos, e comisión 0 pero que ó mellor ten que pedir outro crédito e agora o concello paga o euribor máis 0,10 e si pide outro crédito igual hai que pagar o euribor máis o 4,50, e que eso supón 25.000€ ó ano a outro banco, e preguntase si é así como se defenden os intereses dos veciños e remaa dicindo que o sr Sierra debe presentar as mocións con tempo.

Di o sr. Sierra que a Moción saíu dunha concentración e que o sr Alcalde sabe a qué hora foi.

Di o sr. alcalde que o sr. Sierra sabía que había unha concentración e sabía que hoxe ía presentar unha moción de urxencia, e non se preocupou o máis mínimo en falar cos voceiros municipais.

Rematado o debate, procédese á votación da moción presentada co resultado de que en votación ordinaria, co resultado de que, por un voto a favor (do concelleiro Sierra Nieves), sete abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez) e nove votos en contra (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez,

Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo) o Pleno do Concello non aproba a moción presentada.

Di o sr Alcalde que espera que con tempo suficiente se presente de novo a Moción para ser estudada e debatida e que poda haber unha Moción consensuada por todos os grupos políticos, que leve a algún punto de acordo, que cre que vai ser sinxelo de alcanzar.

2º Rogos e preguntas

Pide a palabra o sr. Blanco Paradelo que, unha vez concedida, di que en relación co punto anterior, gustaría lle propoñer que, como ata setembro non se vai a celebrar pleno, entre todos os grupos se intente alcanzar unha declaración institucional, se pode ser a semana que ven e, que se o cre oportuno o sr. alcalde, se convoque ós grupos municipais.

Di o alcalde que recollerá os acordos do Parlamento neste sentido que se tomaron por unanimidade e mañá mesmo pediralle ós técnicos do Concello que informen sobre as consecuencias que pode ter unha decisión como a proposta no apartado cuarto da moción presentada e que a semana que ven haberá unha Comisión para intentar chegar a un principio de acordo nese sentido.

Pide a palabra o concelleiro sr. Arias Fernández, quen, unha vez concedida, roga encarecidamente que se aplique o regulamento de intervencións, porque pensa que é moi necesario.

Di o sr Alcalde que falou dese tema fai dous días co Técnico de administración xeral e intentará que para o mes de setembro, se é posible, e senón para o mes de outubro, veña ó Pleno un regulamento de funcionamento do Concello, que xa se pediu en máis dunha ocasión, para regular os Plenos, aínda que ten que dicir que, dende que el está de alcalde, o Pleno do Concello do Barco funcionou razoablemente ben sen ningún tipo de regulamento, que, ás veces, os regulamentos solo serven para incordiar, e que moitas veces é preferible a espontaneidade, que neste Concello todo o mundo di o que quere dicir cando quere, aínda que espera que o ton se manteña nese nivel de corrección lingüística que se tivo ata o de agora e que hoxe nalgun momento parecía que se quería perder.

3º Dación de contas: Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 257/13 ata ó nº 298/13, e das actas da Xunta de Goberno Local de 30 de maio e 6, 13 e 20 de xuño de 2013.

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 257/13 ata o nº 298/13, e das actas da Xunta de Goberno Local de 30 de maio e 6, 13 e 20 de xuño de 2013.

E non habendo máis asuntos que tratar polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 22:15 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez